



Federación Ecoloxista Galega
feg@federacionecoloxista.org

ELECCIÓN MUNICIPAL 2023

O “Decálogo para camiñarmos cara a sustentabilidade” elaborado pola Federación Ecoloxista Galega, ten o obxecto de facer chegar aos diferentes partidos e coalicións políticas as necesidades de un modelo de xestión ecolóxica e sustentábel, co propósito de seren integradas na súa acción tanto de goberno como de oposición.

A amplitude da crise ambiental global, significada pola emerxencia climática e ecolóxica, o esgotamento dos recursos naturais e o incremento das desigualdades sociais, é de tal magnitude que precisa dunha mudanza radical nas políticas a desenvolver.

Agora e mais que nunca, e tras a experiencia vivida pola situación de alarma sanitaria derivada da Covid-19, debemos ser conscientes e actuar en consecuencia a prol do coidado do noso entorno. A Natureza proporciónanos o medio no que vivimos e os recursos imprescindíbeis para a vida, como a auga, o solo, ou o aire que respiramos. Así mesmo, existe relación entre a destrución dos ecosistemas e a aparición de zoonoses, ademais dos efectos do cambio climático na aparición ou expansión das mesmas.

As comunidades municipais galegas debemos ser conscientes das actividades coas que contribuímos a degradar o medio natural, con forte impacto para a biodiversidade que logo acabará repercutindo inevitablemente nas nosas vidas.

DECÁLOGO PARA CAMIÑARMOS CARA A SUSTENTABILIDADE

1. Reducir o consumo de enerxía

Os vindeiros mandatos municipais rematarán no ano 2027. Van percorrer o seu camiño nun contexto internacional convulso, que implicará unha redución do acceso aos bens básicos (auga e alimentos, en primeiro lugar) para a meirande parte da poboación, fundamentalmente pola crise enerxética, que implicará dispor, con sorte, da metade da enerxía fósil da que dispoñíamos antes da pandemia, segundo estimacións da propia Axencia Internacional da Enerxía.

A acción dende o ámbito local baixo o paraugas da suficiencia enerxética (garantir, a nivel local, o acceso á enerxía suficiente para dar resposta ás necesidades básicas da poboación) debe ser o eixe das políticas municipais nos vindeiros catro anos. Porén, esta suficiencia enerxética e o desenvolvemento das enerxías renovábeis, quer a eólica, non pode provocar a redución da capacidade dos ecosistemas naturais para reducir e mitigar os efectos da mudanza climática.

Xunto a medidas de aforro enerxético e non dependencia de combustíbeis fósiles, deberíanse promover sistemas de autoconsumo con fontes renovábeis nas instalacións municipais e incentivar este no ámbito doméstico, potenciando a figura das comunidades enerxéticas. Ademais, dotar de axudas para fixación de poboación para o fomento dunha transición ecolóxica xusta, coa conservación do medio natural e tecido social.

O primeiro paso para abordar este reto é aforrar enerxía, especialmente nos cinco eidos con competencia municipal e maior marxe de redución: a mobilidade, a edificación, a alimentación, e a xestión dos ciclos urbanos da auga e os residuos.

a) No ámbito da mobilidade (responsable do 35% das emisións, produto na súa práctica totalidade da queima de combustibles fósiles), propóñense 3 medidas:

En primeiro lugar, desenvolver o modelo da cidade dos 15 minutos, ao que moitas vilas galegas sería sinxelo adaptar: dar acceso aos servizos básicos de uso cotiá (sanitarios, educativos, traballo, comerciais, ocio...) a unha distancia menor de 15 minutos a pe / en bici. Este modelo implica mudanzas na xestión do espazo público e planificación urbanística, xeración ou adaptación da accesibilidade, fomento do comercio de proximidade.

En segundo lugar, promover a redución da mobilidade necesaria para prestar os servizos municipais. No eido da xestión de residuos, pasar a un modelo de recollida con criterios de eficiencia enerxética. Incentivar o uso de vehículos de mobilidade persoal (vmp) ou bicicletas entre as persoas traballadoras municipais.

En terceiro lugar, apostar polo transporte público local, coa posta en marcha de liñas municipais que solucionen a deficiencia da rede de transporte colectivo de ámbito autonómico. Un aspecto primordial, que, en boa parte, depende do concello, é facer o transporte público atractivo e accesible (marquesiñas accesibles, paradas ben sinalizadas, información confiábel...).

b) No ámbito da edificación, propóñense outras tres medidas de aforro enerxético:

A primeira, no ámbito municipal, acadar a neutralidade climática (sen emisións de GEI) dos edificios municipais nos catro anos entre 2023 e 2027. En primeiro lugar, cun plan de mellora da eficiencia enerxética das edificacións que implique, canto menos, un 30% de mellora, por medio da renovación da envolvente térmica, a redución dos consumos da iluminación, e a racionalización e cambio de hábitos do persoal municipal e dos usuarios dos edificios. Transmitir á cidadanía unha mensaxe clara sobre a emerxencia climática e a necesidade de camiñar cara o decrecemento do consumo enerxético. Esta redución deberase formular a nivel municipal.

Poñer en práctica políticas vinculantes para reducir as emisións de carbono e acadar o abandono do carbón como fonte de xeración eléctrica con efecto inmediato. Para o 2025, é necesario diminuír as emisións totais de GEIs polo menos nun 80% a respecto de 1990.

Poñer en marcha un Plan Municipal de Aforro e Eficiencia Enerxética, para reducir o consumo de enerxía en termos absolutos polo menos nun 25% antes do remate da lexislatura en 2027.

c) No ámbito das enerxías.

A escala municipal é a mais operativa para promover o autoconsumo, a suficiencia enerxética, o uso de enerxías renovábeis e autoxeración a nivel de usuario, facilitando de xeito activo a xeración de enerxía a través de cooperativas de consumo.

Revisar os proxectos de macroeólicos que atinxan ao concello. Facilitar información á veciñanza e apoiala. O modelo de implantación de renovábeis en Galiza, e nomeadamente a eólica, cómpre de revisión desde as corporacións municipais para frear a expansión desordenada e agresiva co medio natural e comunidades rurais. A implantación de renovábeis que se promova há ser pola vía da socialización e o cooperativismo local para acadar a xustiza climática.

2. Apostar por un modelo de mobilidade centrado nas persoas

Reorientar as políticas de transporte e das súas infraestruturas para reducir as necesidades de mobilidade motorizada. Non facer inversións en construción de novas vías, senón manter un bo estado das xa existentes cando sexan competencia municipal.

Compromiso de redución dos km viaxados en coche nun 25% na próxima lexislatura, para poder chegar a tempo co obxectivo de -35% antes de 2030 marcado no RD 1052/2022. Para isto deberán adoptarse con urxencia, como mínimo, as seguintes medidas desincentivadoras do uso do coche:

Eliminaranse todas as prazas de aparcamento gratuítas dos núcleos urbanos.

Reducirase drasticamente o espazo viario adicado ao coche, a través de peonalizacións, creación de infraestrutura para VMP e bicicletas, e carrís exclusivos para transporte público.

Pacificarase o tráfico a través do deseño viario: carrís estreitos, pasos de peóns elevados, etc.

No ámbito urbano e periurbano, apostar por desincentivar o uso do automóbil privado, e fomentar o transporte sustentábel (bicicleta, transporte colectivo).

No alusivo ao ámbito interurbano, facilitar e coordinar a intermodalidade, mellorar os servizos de transporte colectivo, en particular o uso do tren de proximidade, tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías.

3. Aplicar unha política de ordenación do territorio que limite o crecemento urbanístico e defenda a costa

Adaptar os novos desenvolvementos urbanísticos ás necesidades reais de vivenda para primeira residencia e de equipamentos públicos e apostar por cidades e vilas compactas como garantía de dotación de servizos fronte á dispersión e á fragmentación. Antepoñer a rehabilitación e uso das vivendas baleiras á construción de novas.

Primar que de haber novas construcións, sexan da máxima eficiencia enerxética. As expansións urbanísticas en áreas urbanas serán arredor dos núcleos e non suporán máis dun 10% sobre a superficie urbana e poboación actuais.

No litoral, e para favorecer a resiliencia fronte ao cambio climático, protexeranse de forma efectiva todos os solos non urbanizados a 500 metros do mar ou a 100 metros dos ríos, impedindo novos recheos, para o que deberá reformularse o actual POL, demasiado permisivo e arbitrario. Revisar que os planos sectoriais de acuicultura, de instalacións industriais, infraestruturas, portos deportivos etc. con afección ao litoral, estean subordinados ao Plan de Ordenación do Litoral (POL) sen excepcións.

É a carencia de vivendas sociais e a saturación de pisos turísticos (especialmente no centro das cidades) o que está a desprazar cara ás aforas ás persoas, facendo necesario o uso de medios de transporte e dispersando os servizos. Por outra banda estamos vendo un preocupante aumento das desigualdades, e mentres moitas persoas carecen de vivenda, grandes fondos de investimento e persoas moi adañeiradas están acaparando vivendas para empregalas como aloxamentos turísticos o que está dando lugar a procesos de xentrificación con encarecemento da vivenda e aumento de desprazamentos indesexables. Os concellos promoverán políticas axeitadas de vivenda, destinando un 30% das novas construcións a aluguer social a prezo taxado. As vivendas baldeiras serán fortemente gravadas e limitarase e gravarase o uso das vivendas turísticas.

4. Regular e controlar as actividades extractivas, garantindo a protección do ambiente e da saúde da poboación

Para lograr isto, é necesario limitar a concesión de industrias mineiras e establecer duros condicionamentos sociais e ambientais para as que se permitan, asegurando que se cumpran en todo momento as normas e directrices establecidas. Cómpre tamén declarar a caducidade das concesións mineiras das explotacións nas que non se traballe, conforme marca a lei.

É forzoso que os aproveitamentos dos recursos xeolóxicos sexan compatíbeis coa protección do medio, do patrimonio histórico-arqueolóxico e cultural, cos usos actuais do solo e coa preservación ambiental. No caso de incompatibilidades, prevalecerán estes últimos sobre os aproveitamentos mineiros.

É necesario que os materiais do subsolo se aproveiten de forma eficiente para satisfacer as necesidades da poboación presente e futura e non os intereses das empresas, sendo a prevención e o control da demanda prioritarios sobre a produción.

Non se debería autorizar ningún proxecto mineiro sen que previamente se teña autorizado mediante unha exposición pública un plano de restauración medioambiental completo. A exposición pública deberá garantir que todas as persoas afectadas están suficientemente informadas e que poden presentar as súas alegacións nun prazo xeneroso de tempo. Tanto os proxectos como os planos ambientais deberán ser supervisados obrigatoriamente pola administración e as organizacións ambientais.

Tamén se deben establecer procesos de seguimento dos planos ambientais durante a explotación mineira, de modo que se poida avaliar regularmente o cumprimento dos compromisos e establecer medidas correctivas no caso de incumprimento. Do mesmo modo é indispensable que neste seguimento participe tanto a administración como as organizacións ambientais. Os gastos orixinados pola avaliación de proxectos, planos e programas por parte da Administración e das organizacións ambientais deberán ser debidamente garantidos e compensados polas empresas extractivas.

É forzoso que ás persoas e institucións afectadas polas concesións sexan compensadas en cantidades xustas, non só ao inicio da explotación, senón tamén durante o seu desenvolvemento, peche e restauración, tendo en conta tanto os impactos socioeconómicos como ambientais. É fundamental, por tanto, garantir que as empresas mineiras dispoñan de avais e seguros suficientes que garantan a reparación de calquera dano que se poida producir, permitindo aos concellos actuar para minimizar ditos danos.

É necesario garantir a restauración cando finalice a explotación mineira, de modo que se poidan devolver as áreas afectadas ao seu estado orixinal, e asegurando que se cumpran todos os requisitos e normas establecidos en materia de medio ambiente e sustentabilidade. É fundamental que se estipule que a restauración de todos os espazos degradados pola actividade mineira sexa a cargo das empresas que xestionaron eses proxectos, garantindo a súa obrigatoriedade.

En resumo, para garantir a sustentabilidade das actividades extractivas, non se deberían autorizar novos proxectos sen contar con garantías de transparencia, licenza social, ambiental, de restauración, de patrimonio e financeiras. A participación pública na avaliación de proxectos e o seguimento dos plans ambientais durante a explotación mineira deben ser elementos clave para garantir a responsabilidade ambiental e social das empresas mineiras.

5. Apostar por un mundo rural promovendo a soberanía alimentaria

Apoiar as alternativas sustentábeis en agricultura, gandería, silvicultura forestal e pesca artesanal, favorecendo a produción ecolóxica.

Por outra banda, o sector agroalimentar é responsábel dun 37% das emisións globais de GEI e só sector pecuario do 14,5%, e dentro de este último no noso país ten gran peso o industrial. O sector pecuario industrial consume enormes cantidades de auga; produce residuos responsables da destrución de acuíferos e a contaminación por nitratos; é responsable da perda de biodiversidade xenética ao substituír razas autóctonas adaptadas ao medio por outras máis produtivas, ameaza a nosa saúde polo uso indiscriminado de antibióticos; destrúe tres veces máis empregos dos que crea; é responsábel do maltrato animal e no ámbito global, para producir alimentos para animais son utilizadas cerca do 80% das terras agrícolas do mundo dando lugar a grandes procesos de deforestación e ao desprazamento das poboacións.

Os concellos deberían paralizar calquera novo permiso de explotación pecuaria intensiva; controlar os consumos de auga e os vertidos de esterco e residuos; acabar con calquera tipo de subsidio ou vantaxe fiscal; recuperar antigas prácticas gandeiras apoiando iniciativas do sector respecto ao etiquetado dos seus produtos; establecer normas de benestar animal exixentes; fomentar en restaurantes e comedores públicos unha dieta dominada por produtos de base vexetal, orgánica e local.

Promover unha produción animal e gandeira de calidade coidando as razas autóctonas, con tratamento digno aos animais, reintrodución/mantemento do gando no monte como garantía dun equilibrio ecolóxico, prevención de lumes e asentamento da poboación rural.

Garantir a dotación de servizos básicos -educación, sanidade, transporte, comunicacións- no rural.

Impulsar as redes curtas de comercialización para mellorar os ingresos agrarios e incentivar o consumo de alimentos locais e galegos, tamén nas administracións e organismos dependentes.

O modelo actual de concentración parcelaria debe adecuarse con urxencia aos criterios de agricultura sustentábel respectando a paisaxe e a biodiversidade.

Os transxénicos son incompatíbeis cunha agricultura sustentábel polo que convén declarar cada concello libre de transxénicos.

Promover a creación de novas reservas mariñas de interese pesqueiro coa participación directa do sector para garantir o futuro da pesca e o marisqueo artesanais. Dignificar a actividade produtiva mariñeira dende a sustentabilidade, compatibilizándoa con outras actividades simultáneas (ocio, educación ambiental...) para que o sector produtivo mariñeiro se implique na conservación do medio e das especies.

No sector da acuicultura estamos notando nos últimos tempos tensións entre distintos sectores. A piscicultura no mar e na costa supón unha fonte contaminante mariña, consúmese máis peixe do que se produce, o uso de antibióticos e outros medicamentos é xeneralizado e contamina o medio, polo que non se deberían autorizar novas explotacións e nas que están en funcionamento deberían controlarse os seus vertidos. Cómpre regular o sector da acuicultura de moluscos e establecer maiores limitacións de acordo coas recomendacións científicas, procurando recuperar as especies marisqueiras propias e exixindo a eliminación de residuos para a recuperación dos fondos mariños ao sector da miticultura.

6. Parar a perda de biodiversidade e recuperar os montes

A conservación da diversidade natural debe integrarse nas políticas municipais, promovendo o aumento de territorio con figuras de protección ambiental como poden ser os Espazos Naturais de Interese Local. Son os ENIL a figura que permite aos concellos xestionar e poñer en valor os espazos naturais do seu entorno. Pouco mais de 7.000 hectáreas son as declaradas en Galiza baixo esta figura, polo que fica moita marxe de mellora na promoción das áreas municipais con características naturais a protexer.

Facilitar acordos de custodia do territorio con ONGs, asociacións e particulares.

Desenvolver planos de control e erradicación das especies alóctonas, invasoras e perigosas e promover políticas preventivas e correctivas fronte a elas.

Promover a recuperación do monte galego con iniciativas sustentábeis ambiental e socialmente: moratoria local para novos plantíos de eucalipto e adopción de medidas para a redución drástica da superficie existente do mesmo, denunciando e sancionando aquelas plantacións que non cumpran coa leis (por exemplo respecto ás distancias ás vivendas e camiños, ou reforestacións de solos agrícolas). Fomento da multifuncionalidade de usos, da diversidade de hábitats e especies, do arborado autóctono, do mantemento dos servizos ecosistémicos, pulo aos montes veciñais, recuperación das Unidades de Xestión Forestal (UXFOR), entre outras.

Crear liñas de axuda económica (subvencións, créditos brandos, desgravacións fiscais na cota autonómica) para promover iniciativas sustentábeis nos espazos protexidos e no territorio en xeral do concello onde se practiquen actividades económicas sustentábeis relacionadas coa conservación da biodiversidade.

7. Implantar unha nova cultura da auga

Promover de xeito efectivo e prioritario o aforro de auga en todos os sectores (doméstico, industrial e agrogandeiro). Para iso incorporaranse os custos ambientais á fiscalidade, para establecer unha progresividade e penalizar o desbaldimento.

Abordar a recuperación ambiental dos ríos, as zonas húmidas e rías e asegurar o cumprimento legal sobre depuración das augas residuais que compete ao Concello e ten moi boas oportunidades para a implantación de sistemas descentralizados e de baixo consumo enerxético e material.

Fomentar a cultura da auga da billa. Os edificios administrativos deben ser exemplo ofrecendo auga da billa, nos eventos públicos deberase contar con puntos de auga e a hostalería deberá dispoñer obrigatoriamente de auga de xeito gratuíto para as persoas que o soliciten. Apoiar con campañas informativas e de sensibilización.

Poñer en práctica a responsabilidade do Concello na preservación da calidade da auga, para corrixir o grave problema de contaminación das augas subterráneas e superficiais, ante a degradación provocada por actividades mineiras, industriais, e especialmente pola actividade agrogandeira intensiva.

8. Abandonar o modelo baseado na incineración de residuos e o vertedoiro. Promover a redución, a reutilización e a compostaxe

Xa é a realidade dalgúns concellos galegos que decidiron apostar por un modelo máis sustentable baseado na reciclaxe dos biorresiduos e abandonaron o modelo Sogama, co aforro económico de taxas que iso supón, ademais de acadar taxas de reciclaxe mellores.

Acadar para o final da lexislatura cando menos un 20% de redución en peso dos residuos xerados, establecendo instrumentos e medidas que incentiven a prevención, a reutilización, a reparación e a reciclaxe, por esta orde.

Establecer modelos de taxas por xeración que premien a redución na produción, a compostaxe e a correcta separación dos residuos.

9. Educación Ambiental e ecofeminismo para a transformación da sociedade. Facilitar novos esquemas de xénero

Promover a participación dos movementos sociais nas políticas municipais potenciando o seu papel como vehículos de educación, sensibilización e transformación.

Aplicar a Estratexia Galega de Educación Ambiental e incluíla como ferramenta transversal nos planos e programas do Concello.

Facilitar a incorporación e/ou garantir a continuidade dos proxectos e iniciativas de educación ambiental no Concello e destinados tanto a público infantil como adulto.

A sociedade no seu conxunto (economía, tecnoloxía, tecido empresarial e social) desenvólvese partindo da base de coidados básicos para a vida. Garantir un desenvolvemento sustentábel só será posible poñendo o foco da acción política que os defenda. O protagonismo das mulleres nestes tres eidos é moi claro: ecofeminismo e coidados básicos para a vida.

A administración local é quen ten a capacidade de acción mais inmediata, e sendo sensible a esta realidade debe desenvolver políticas sociais, educativas e de revalorización que faciliten a visibilización do traballo de coidados, da súa importancia e valor social e económico.

10. Impulsar unha contratación pública e unha reforma fiscal verde

Practicar a compra pública ética, con obxectivos cuantitativos e prazos para a súa implantación, que fomenten os produtos e servizos sustentábeis (comercio xusto, produtos ecolóxicos e de proximidade, comercio local, etc.).

Aproveitar as competencias fiscais municipais para penalizar os comportamentos ambientalmente incorrectos e favorecer aqueles máis acordes coa sustentabilidade. Reformar os actuais canons e tributos de natureza ambiental, introducindo outros novos: sobre a produción de lixo, plantación de invasoras e pirófitas, industria extractiva, grandes superficies, entre outros.

Os ingresos obtidos coas taxas e tributos ambientais destinaranse á recuperación dos ecosistemas naturais e ao fomento de iniciativas sustentábeis.

Galiza, 24 de abril de 2023

Federación Ecoloxista Galega:

Asemblea do Suído
Asociación Ambiental Senda Nova
Asociación Cultural Papaventos
Asociación de Custodia do Territorio de Carral (BREXA)
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
Asociación para a Defensa da Ría (APDR)
Asociación para a Defensa da Natureza do Condado (ADENCO)
Asociación Néboa Medio Ambiente
Asociación Vaipolorío
Asociación Verdegaiá
Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES)
Fundación Montescola
Grupo Naturalista Hábitat
Movemento Ecoloxista da Limia (MEL)